

DEFINICIÓN DOS FORMATOS E CONTIDOS DA REVISTA DIXITAL DO CENTRO.

Reunido o equipo de traballo e realizadas as análises pertinentes da revista experimental existente no Centro, aporta as seguintes conclusións para a realización do exemplar correspondente ó presente curso.

A.-Creación dunha primeira páxina, a modo de portada, que conteña o nome da publicación .

- NOME : ONDAS DA FROUXEIRA.
- FORMATO DA PORTADA:
 1. A portada ocupará toda a páxina.
 2. Irá arrodeada dunha marxe de cor negra feita cunha liña continua de tipo grosso, situada aproximadamente a 1,5cm – 2 cm da beira externa.
 3. O fondo será un gradiente de amarelo clariño (parte superior) ata alaranxado (parte inferior) moi tenue.
 4. Na parte superior esquerda irá o logotipo do colexio, distante 1cm da marxe esquerda e 2cm da marxe superior.

Características das letras de **C P I DE ATIOS**

Valdoviño

- modelo : Times New Roman (maiúsculas e minúsculas como no logo).
 - cor : negra.
 - tamaño : 20 aproximadamente.
5. Á dereita do logotipo centrarase o nome **ONDAS DA FROUXEIRA.**

As características do título serán :

- modelo : letras maiúsculas en lixeiro movemento que imiten as ondas do mar. Tipo de letra: “Impact” ou “Forte”

- cor : azul, con sombreado, segundo o 11º modelo da galería de WordArt
 - tamaño : 90 aproximadamente.
6. Posteriormente introducirase a fotografía seleccionada.
7. Debaixo da fotografía irá centrada a frase:

Revista do alumnado do C P I de Atios (Valdoviño).

Curso 2.004 – 2.005

- modelo : maiúsculas e minúsculas segundo a frase, Times N.R.
- cor : negra.
- tamaño : 32 aproximadamente.

B.- Creación dunha segunda páxina a modo de Editorial da revista.

- NOME: Introducción.
- CONTIDO :Escrito do profesorado que conteña o que é unha revista, porque da nosa revista e o sentir dela.
- FORMATO :
 1. Na parte superior-esquerda aparecerá o logotipo do Centro.
 2. Na parte superior-central aparecerían os enlaces das distintas páxinas. Cada enlace terá o seu anagrama correspondente e, debaixo, o nome da sección que representa. Irán situados, aproximadamente, a 1-2 cm. da marxe superior.

Tanto as iconas como o tipo de letra destes enlaces permanecerán os que xa están na revista, engadindo os logotipos que faltan das novas seccións.

As páxinas que compoñen a revista son:

- | | |
|------------------------|-------------------------|
| a) Introducción | b) Lapis e papel |
| c) Verso a verso | d) Paleta |
| e) Sabías que | f) Lecer |
| g) Novidades | h) Buzón de Suxerencias |
| i) Revistas anteriores | |

4. Na parte superior-dereita aparecerá o nome da páxina : Introducción, realizado co mesmo deseño de letras que “Lapis e papel ” ou “Lecer ”.
5. Debaixo do encabezamento estará escrita a frase:

Revista do alumnado do CPI de Atios (Valdoviño).

O tipo de letra será como a da mesma frase da portada, pero o seu tamaño será menor.

Posteriormente irá editada unha fotografía axeitada que ocupe a parte superior e central da páxina. Sobre ela irá sobreimpresionada unha frase dun escritor ou escritora insigne.

6. O texto do profesorado irá na parte inferior da páxina.

As características do texto serán :

- modelo : tipo de letra personalizado: Bradley Hand ITC
- cor : negra.
- Tamaño : 14- 16 aproximadamente.

NOTA: Esta páxina aparecerá en tódolos números da revista dixital.

C.- Revisión das distintas seccións que aparecen na revista dixital do Centro.

Despois de analiza-las distintas seccións que aparecen na revista, o equipo de traballo chega á conclusión de que deben permanecer as que xa están, e débese dar cabida a dúas de nova creación : “Buzón de suxerencias” e “Acceso a números anteriores da revista”.

O índice dos apartados das distintas seccións queda como segue :

– **Lapis e pape :**

- Relatos
- Celebracións.
- Excursións.

– **Verso a verso :**

- Poemas.
- Cantigas.

- As nosas cancións (incluíndo cancións traballadas nos distintos niveis do colexio, coa súa partitura e cun símbolo de altavoz para picar nel e poder escoitala).

– **Paleta:**

- Educación Infantil
- 1º ciclo Educación Primaria
- 2º ciclo Educación Primaria
- 3º ciclo Educación Primaria
- ESO

– **Sabías que:**

- Ciencia.
- Pedagogía.

NOTA :Incluír nestes apartados informacións, artigos, investigacións, curiosidades...que nos parezan axeitadas.

– **Lecer :**

- Chistes.
- Adiviñas.
- Sopas de letras.
- Encrucillados.
- Xeroglíficos.
- Xogos na rede (conexión directa a internet con páxinas que conteñan xogos didácticos relacionados coas distintas áreas educativas.)

– **Novidades :**

- Premios.
- Concursos.
- Actividades.
- Novas de última hora.

- **Buzón de suxerencias.**
- **Accesos a números anteriores da revista.**

D.- Deseño dunha das seccións da revista : Lapis e papel.

- NOME : Lapis e papel.
- FORMATO :
 1. O encabezamento será similar ó da páxina de Introducción, engadindo á dereita o anagrama que representa a sección na que estamos.

 NOTA : cada vez que entremos nunha sección diferente,o debuxo que serve de enlace situado no centro da páxina, quedará activado.
 2. Debaixo do encabezamento e, á esquerda da páxina, irán os enlaces dos distintos apartados da sección na que estamos (co tipo de letra que xa está).

 No centro irá o nome do apartado no que estamos, por exemplo: Relatos, co mesmo tipo de letra que a revista actual.

 Á dereita da páxina aparecerá un índice de tódolos traballos e aportacións que hai no apartado.
 3. Posteriormente irán os traballos do alumnado co mesmo tipo de letra que xa está na revista, pero de maior tamaño.

NOTA: O resto das seccións seguirán as pautas deste apartado de “Lapis e Papel”